



Concello de Xermade

ACTA DE APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS Á LICITACIÓN “SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE ALUMEADO NO CONCELLO DE XERMADE” (PLAN ÚNICO 2018)

Reunidos no salón de plenos da casa consistorial, o día 6 de marzo de 2019 , ás 12.15 horas, a mesa de contratación convocada para o citado día, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Roberto García Pernas, coa asistencia dos seguintes vogais: D. Ernesto Ares Yañez e D^a.María Cristina Varela García.

Non asiste o vogal D. Darío Pernas Villares, quen por razóns de servizo non pode abandonar o seu posto de traballo.

Da fe do acto a Secretaria da mesa, D^a. Iria María Pico Roca (en substitución de D^a. Ana Oseira Portela, que se atopa desfrutando dun permiso).

Aberto o acto pola presidencia, procédese á apertura de sobres do contrato mixto de subministro e obra de “Substitución de equipos de alumeado no Concello de Xermade”, financiado con cargo ao Plan Único 2018, cun orzamento de licitación que ascende a 49.842,52 euros (IVE INCLUÍDO), o que supón unha base de 41.192,00 euros; mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria.

O anuncio de licitación e os pregos foron publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o 14/02/2019, finalizando o prazo de presentación de ofertas o 01/03/2019.

A Secretaria da mesa procede ao reconto das ofertas presentadas e á súa confrontación cos asentos do libro rexistro, de acordo ao informe de data 4 de marzo de 2019 (que figura unido ao expediente de contratación):

Nº rexistro e data de presentación	Nome da Empresa
2019-E-RC-392 28/02/19	Vertia Ingeniería S.L.
2019-E-RC-399 01/03/19	Hallmann Energie S.L.
2019-E-RC-400 “	Codigalco S.L.
2019-E-RC-401 “	Consecyr S.L.
2019-E-RC-403 “	Elecnor S.A
2019-E-RC-404 “	Global PCH Lugo
2019-E-RC-409 “	Electricidad Moncho y Santomé S.L.

Concello de Xermade



Concello de Xermade

2019-E-RC-415 04/03/19	Grupo Mariño Obras y Servicios S.L.
2019-E-RC-414 “	Amys Ingeniería S.L.
2019-E-RC-421 “	Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L.

Todas as ofertas foron presentadas dentro do prazo.

Procédese á apertura do sobre A (Documentación Administrativa e Documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor), resultando que todas as empresas licitadoras presentan a documentación correcta, polo que procede decláralas admitidas.

A continuación, a mesa de contratación, visto que os sobres A conteñen os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor e que se precisaría dun/ha técnico/a especialista na materia, con titulación suficiente (enxeñeiro técnico industrial ou similar) do que carece a plantilla do Concello de Xermade, acorda solicitar á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo asistencia para a dita valoración.

Levántase o acto sendo as 12.32 horas da data que figura no encabezamento e queda pendente unha nova reunión da mesa unha vez que sexa designado o antedito técnico e de que este realice a valoración correspondente.

Xermade, o 6 de marzo de 2019.

A Secretaria da mesa

Iria M.^a Pico Roca

Visto e prace

O presidente

Roberto García Pernas

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE